



ÓRGANO COLEXIADO: Pleno Corporativo.

Nº DE SESIÓN: 11/2017

CARÁCTER: Extraordinario

ANUNCIO

Con data 9 de novembro 2017, o Sr.Alcalde ditou resolución co tenor literal que se indica:

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.- CONVOCATORIA PLENO EXTRAORDINARIO.

Resolución da Presidencia do órgano colexiado mais arriba mencionado, pola que se convoca sesión de carácter extraordinaria.

De acordo co disposto no artigo 46.2 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, arts. 38 e 80 do Real Decreto Lexislativo 2568/1986, de 23 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Funcionamento, Organización e Réxime xurídico das Entidades Locais, e aos efectos de resolver cuestións organizativas, celebrado Pleno extraordinario de Moción de Censura en sesión de 17 de outubro 2017 e ao ter prosperado a mesma, esta alcaldía, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Convocar a Sesión Extraordinaria do Pleno Corporativo a celebrar o **día 14 de novembro ás 12:00 horas**, e dous días despois á mesma hora en segunda convocatoria en caso de non existir o quórum esixido na primeira, no Salón de Sesións da Casa do Concello, a fin de resolver os puntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

A) Parte resolutiva:

1º.- Aprobación, se procede, de borrador de acta pleno sesión nº9/2017 de Moción de Censura de 17 de outubro 2017.

2º.- Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal sobre periodicidade das sesións plenarias ordinarias.

3º.- Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal sobre comisións informativas permanentes.

4º.- Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal sobre supresión do posto de traballo de persoal eventual.

5º.- Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal sobre

Concello de Tui

Praza do Concello, 1, Tui. 36700 (Pontevedra). Tfno. 986603625. Fax: 986600570



determinación de dedicacións exclusivas totais e parciais, asistencias a órganos colexiados e dotación para os grupos políticos.

6º.- Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal sobre nomeamento de representantes no Consorcio para a xestión do ciclo urbano da auga do Louro.-

7º.- Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal sobre nomeamento de representante do Concello no Padroado da Fundación do Teatro Principal.

B).- Actividade de control:

8º.- Posta en coñecemento de escritos relativos a composición de Comisións Informativas presentados polo grupo municipal PSdG-PSOE (RE nº 9767 de 19/10/2017) e Partido Popular (RE nº 10269 de 07/11/2017).

SEGUNDO.- Notificar a presente Resolución aos concelleiros advertíndolles que, conforme ao disposto polo artigo 12.1 do citado RD 2568/1986, do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

TERCEIRO.- Que pola Secretaría municipal se poña a disposición dos Concelleiros a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando a convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, no seu caso."

O que se comunica aos efectos da súa exposición pública.

En Tui, o alcalde, Carlos Vázquez Padín.

Documento asinado dixitalmente á marxe.